



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Pozo de Pereira Nº 22
15360 - Cariño (A Coruña)
☎ 881960101
ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescabootegal>



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

ELECCIÓN PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR 2021

CONVOCATORIA PROFESORADO

De acordo coa resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG do 29 de setembro) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL do IES Cabo Ortegal, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo o establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 profesores/as**, dun total de 7 que poden ter no Consello Escolar.

Dado que na actualidade existen dúas vacantes, no caso de presentarse máis de tres candidaturas, os dous candidatos/as seguintes en número de votos aos tres candidatos/as máis votados entrarán a formar parte do Consello Escolar ata a próxima renovación parcial.

2. O censo electoral está exposto no taboleiro de anuncios a partir do 4 de novembro. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado á Xunta Electoral, ata ás 14:00 horas do día 12 de novembro.
3. As candidaturas correspondentes poderán ser presentadas dende o venres 5 de novembro ata as 14:00 horas do venres 12 de novembro, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro.
4. Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes do profesorado no

Consello Escolar, así como tamén fixar en dita reunión a data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocarase ao Claustro de Profesores/as a tales efectos, para o xoves 18 de novembro.

5. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
6. As votacións realizaranse no IES Cabo Ortegal o día 23 de novembro en sesión de claustro extraordinario.
7. Cada profesor/a fará constar na papeleta de votación un máximo de 2 nomes da lista de candidatos/as.
8. O voto será directo, secreto e non delegado.
9. Finalizada a votación, procederase ao escrutinio de votos, e levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
10. Co obxecto de manter os períodos de renovacións, **os membros do Consello Escolar elixidos** conforme ao proceso adiado no curso 2020/21 **serán nomeados por un período de tres cursos escolares.**
11. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.
12. O conxunto das actas das distintas votacións serán remitidas á Xefatura Territorial segundo o modelo do ANEXO I da Resolución do 20 de setembro de 2021 o venres 26 de novembro.

Cariño, 4 de novembro de 2021

O presidente da Xunta Electoral
Asdo: Manuel Otero Rodríguez